

## A ILUSTRACIÓN CIENTÍFICA, TRABALLO DE MULLERES?

**PINTOS BARRAL, XOANA**  
**PINTOS BARRAL, ISABEL**  
**GONZÁLEZ NOYA, ANA M.**  
**BERMEJO, MANOLO R.**

*Departamento de Química Inorgánica. USC.*

As ilustracións que aparecen nos libros de ciencias, atlas de anatomía, guías de campo, teses de doutoramento ou artigos científicos, axudan dun xeito especial á divulgación e ao coñecemento máis fácil e preciso da ciencia. Os seus autores e autoras posúen non só habilidades técnicas e artísticas grandes, senón que tamén contan cunha gran capacidade de observación e unha profunda formación científica.

Nos primeiros tratados e manuais sobre a natureza, a cartografía ou a divulgación científica, as ilustracións eran gravados, ben sobre pranchas de pedra, ben sobre madeira ou metal. Máis adiante apareceron debuxos a carbón, lapis, sanguina e outras técnicas. Ata a última década do século XIX, non apareceron as primeiras imaxes fotográficas nos libros. A fotografía non puido, nin pode, substituír ás ilustracións porque estas nos achegan a niveis non observables directamente polo ollo humano e amosan perspectivas e enfoques de difícil comprensión.

As Ilustracións permiten simplificar procesos científicos complexos mediante esquemas especiais ou mesmo resaltar detalles que unha imaxe fotográfica non permitiría captar e, a maiores, admiten a utilización de símbolos e referencias. Abonda con reparar en imaxes sobre astronomía, virus, seccións xeolóxicas, reconstrucións de seres extintos, representacións anatómicas en cortes ou capas, en procesos tecnolóxicos, ...etc. por poñer algúns exemplos, para decatarnos de que a ilustración científica é unha disciplina complexa pero moi completa ao servizo da ciencia.

Nesta comunicación pretendemos presentar a iniciación dun traballo moito máis completo sobre a Ilustración Científica feminina. Este traballo é unha parte importante da investigación feminina, realizada ao longo da historia, pero non moi recoñecida polo momento. Este tipo de investigación científica parece ser obra eminentemente feminina e, por elo, ven sendo desprezada ata hoxe pola ciencia oficial; **cómpre comezar a poñela** en valor, sacándoa á luz e dala **a coñecer á comunidade científica**.

Pretendemos coma sempre **Instruír, Divertir e Educar**, e para elo amosamos hoxe, dentro dun traballo moito máis amplo, a algunhas mulleres ilustradoras da ciencia para ir comprendendo as súas importantes contribucións. Presentamos nesta comunicación as seguintes catro mulleres: unha entomóloga (Maria Sibylla Merian); unha botánica (Elizabeth Blackwell); unha química (Marie Anne Paulze) e unha bióloga mariña galega (Clara Cerviño). Iniciamos así un traballo, que confiamos continuar presentando en anos vindeiros no noso congreso. Deste xeito confiamos rescatar a moitas mulleres científicas do esquecemento da historia.

**BIBLIOGRAFÍA**

- BADILESCU, Simona (2001). *Chemistry for Beginners. Women Authors and Illustrators of Early Chemistry Textbooks*. Chem. Educator, 6, 114.120. Springer-Verlag New York, Inc, S1430-4171(00)02447-6, Published on Web 1/5/2001, 10.1007/s00897010447a, 620114sb.
- FORD, B. J. (1993). *Images of Science. A History of Scientific Illustration*; Oxford University Press: New York.
- HODGES, E. (2003). Handbook of scientific illustration, GNSI, Washington, USA.
- PINAULT SORENSEN, M. (1994). “Madame Lavoisier, dessinatrice et peintre”, *La Revue du Musée des Arts et Métiers*, 6, pp. 23-25.
- PINTOS BARRAL, Xoana e BERMEJO PATIÑO, Manuel R. (2010). “Marie Anne Paulze, ilustradora e deseñadora industrial”, *Boletín das ciencias*, ISSN 0214-7807, Ano 23, N°. 71, , pp. 81-82.